




Obxetos Celestes. O cinema e o Cosmos

comisariado por Andrea Franco



Sección de un fotograma de SECOND SUN, Leslie Supnet, 2014

En colaboración con:

OsCasares

HR HJOS DE RIVERA

MÁS QUE ROMÁNICO

Espazo de produción

San Cristovo de Mouricios, 2
27510 Chantada Lugo

vilaseco.com

43° 00' 36.0" N
7° 33' 41.0" W

Obxectos Celestes. O Cinema e o Cosmos

Este programa trata de recoller a fascinación pola Astronomía e o Cosmos dunha serie de cineastas que, xa desde as orixes do cinema, exploraron a aparencia e os misterios do universo. A pantalla desprégase aquí como un ceo nocturno capaz de revelar, non só fenómenos invisibles a primeira ollada, como mostran os films de Emily Richardson ou Dominic Angerame, senón tamén fantasías extravagantes, froito da imaxinación do artista (Segundo de Chomón, Georges Méliès...). Cinema pintado que debuxa o firmamento sobre a película (Stan Brakhage) ou os infinitos matices amarelos da esfera solar (Joseph Bernard); películas abstractas e trascendentes, onde a astronomía fúndese coas filosofías orientais (Jordan Belson); material en bruto dos propios satélites, como o recollido polo dúo Semiconductor; ou danzas cósmicas e divertidas, como as que crean Maya Deren, Leslie Supnet ou Lawrence Jordan. O universo como un fluxo continuo de enerxía, movemento e rexeneración (Tess Martin), cuxos fenómenos, signos e sinais interpélanos desde arriba (Alexi Manis). Estes obxectos celestes son tamén (ou sobre todo), as propias películas, escintileos luminosos na sala escura. *Andrea Franco*

Programa I / 15 abril 2023 / 20h



Solar Eclipse, John Nevil Maskelyne, 1900
Reino Unido, 1 min

A primeira filmación dun fenómeno astronómico realizada polo inventor, mago e ilusionista británico John Nevil Maskelyne o 28 de maio de 1900, grazas a un adaptador especial co que puido incorporar unha cámara ao seu telescopio.



Le Voyage Sur Jupiter, Segundo de Chomón, 1909
Francia, 9 min

Inspirado pola *Viaxe á Lúa* de Georges Méliès, Segundo de Chomón construíu a súa propia fantasía espacial nun filme cheo de achados e trucaxes de desbordante imaxinación.



Stellar, Stan Brakhage, 1993
Estados Unidos, 2 min 19 seg, 16mm, silente

Nesta película pintada a man, a pintura componse e refotografáase microscópicamente para suxerir formas galácticas nun espazo repleto de estrelas.



Shutter, Alexi Manis, 2010
Canadá, 8 min, 16mm

Shutter captura a saída do sol, o alongamento das sombras e o oscurecemento dun día de eclipse solar total. A partir da gravación da eclipse de 1980 realizada polo seu amigo, o astrónomo afeccionado Andreas Gada, a obra capta a beleza e o terror da luz que precede e acompaña ao fenómeno.



Luminae, Dominic Angerame, 2022
Estados Unidos, 4 min, 16mm

"Levaba anos filmando cun iris axustado ao obxectivo, creando un círculo. O sol parecía unha progresión natural, sobre todo as súas revolucións. Esta película é o resultado da maxia do cinema, capaz de captar un espírito do espazo que faría chorar de asombro ao propio Méliès".



Orbit, Tess Martin, 2019
Holanda, 7 min, animación

Unha serie de debuxos giratorios guíanos ao longo do fluxo de enerxía do noso planeta e permítenos reflexionar sobre a relación entre a humanidade e o sol, e o lugar que ocupamos no ciclo natural.



Redshift, Emily Richardson, 2001
Reino Unido, 4min, 16mm

O "corremento ao vermello" é un termo utilizado para calcular a idade das estrelas medindo a súa distancia á Terra. *Redshift* tenta transmitir a vasta xeometría cósmica do ceo nocturno mediante unha perspectiva alterada da paisaxe, á vez que revela aspectos da noite invisibles a primeira ollada.



Black Rain, Semiconductor (Ruth Jarman & Joe Gerhardt) 2009, Reino Unido, 3 min

Black Rain consta de imaxes recollidas pola misión STEREO mentres rastrea o espazo interplanetario en busca do vento solar e as CME (eyecciones de masa coronal) que se dirixen á Terra. Estas "imaxes heliosféricas" revelan a viaxe dos satélites, os planetas que pasan e os cometas que orbitan ao redor do Sol coas estrelas e a Vía Láctea de fondo.



Imagen © Center for Visual Music

Music Of The Spheres, Jordan Belson, 1977
Estados Unidos, 11 min

Jordan Belson converteu o estado meditativo e as experiencias con alucinógenos propias da súa época, en "música visual" de marcada inspiración cósmica. Na súa obra, o espiritual e o científico coexisten nunha experiencia estética de vibrante son e cor. Versión orixinal estendida de 1977, restaurada polo Center for Visual Music.

Programa II / 17 xuño 2023



L'eclipse Du Soleil En Pleine Lune, Georges Méliès, 1907
Francia, 9 min 30 seg

Un astrónomo presencia unha eclipse de sol a través do seu telescopio. Os ceos pronto estalan con choivas de estrelas que se converten en mulleres. Versión musical de Alexander Rannie.



Sun Song, Joseph Bernard, 1979
Estados Unidos, 3 min, Súper 8, silente

Film nunca proxectado do pintor e cineasta Joseph Bernard, concibido como "un esconxuro que implora a calor do sol de inverno", e como unha resposta admirada ao mestre Stan Brakhage.




Orb, Larry Jordan, 1973
Estados Unidos, 5 min, 16mm

Unha colaxe animada a todo cor, tan efémero como unha pompa de xabón. A eterna forma redonda de Jordan, o orbe -sol, lúa, símbolo da totalidade do individuo- énchese no seu inimitable e alegre curso a través de escenas de deleite celestial.




The Very Eye Of Night, Maya Deren, 1958
Estados Unidos, 15 min, 16mm

Realizada entre 1952 e 1955 en colaboración co coreógrafo Antony Tudor, pero non estreada ata 1959, cando se engadiu a partitura musical de Teiji Ito. Na última película de Maya Deren, un grupo de constelacións baila na noite cósmica.




Second Sun, Leslie Supnet, 2014
Canadá, 3 min 20 seg, 16mm, animación

O son ascendente dos tambores acentúa os escintileos de luces, as imaxes do sistema solar e unha imaxinación postapocalíptica sobre o nacemento do noso *Segundo Sol*.



Brilliant Noise, Semiconductor, 2006
Reino Unido, 6 min

Brilliant Noise toma imaxes dos satélites que orbitan ao redor da Terra, mostrando as partículas enerxéticas e o vento solar como unha choiva de ruído branco. Á súa vez, a banda sonora desvela as forzas ocultas que operan no Sol, transformando en son a intensidade variable de luz sobre a estrela.



Imaxe © Center for Visual Music

Samadhi, Jordan Belson, 1967
Estados Unidos, 6 min, 16mm

En sánscrito, "samadhi" significa "ese estado de conciencia no que a alma individual fúndese coa alma universal". Inspirado polo loga e o Budismo, Belson expresa aquí, como unha pura abstracción, ese estado da mente capaz de elevarse polo Cosmos.